

Proxecto Artello

Galego Léxico 1



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Edición: Carlos L. Medrano Martínez

Ilustración: Xesús María Arana García, Fernando Llorente, Daniel Montero, Bernal Prieto

Corrección: Belén Rodríguez Suárez e Francisco Lestón Villar

Cuberta: Luís Vilardell Panicot

Preimpresión: MACROM

© Rodeira-grupo edebé, 2006

Depósito Legal: C.2839-2006

Edición non-venal

Índice

1. O corpo humano	5
2. Os sentimentos e a personalidade	13
3. A saúde e a enfermidade	19
4. A vestimenta	27
5. A familia	35
6. A vivenda	39
7. Os alimentos	47
8. O traballo e as profesións	55
9. Os medios de transporte	63
10. Os xogos e os deportes	69




O corpo humano

Substantivos

A cabeza

barba
barbadela [queixo]
beizo [labio]
bigote
boca
cabelo
cairo
caluga [cocote, noca]
cara [face, rostro]
cella
cello
cocote [noca, caluga]
dentadura
dente
enxiva
face [rostro, cara]
fazula [meixela]
fronte
guecho
labio [beizo]
lingua
meixela [fazula]
melena
meniña
moa
nariz
noca [cocote, caluga]
ollo
orella
padal
pálpebra
papada [papo]
papo [papada]
patilla
pelo
perilla
pestana
pómulo
queixo [barbadela]

rostro [cara, face]
sen [tempa, vidalla]
tempa [vidalla, sen]
venta
vidalla [sen, tempa]
O tronco
abdome
ano
barriga [ventre]
cacha [nádega]
cadeira
cintura [van]
colo [pescozo]




costas [lombo]
cu
embigo
espiñazo
gorxa
ingua [virilla]
lombo [costas]
mama [seo, teta]
mamila
nádega [cacha]
noz
peito
pelve
pene
pescozo [colo]
pube
seo [mama, teta]
testículo
teta [seo, mama]
tórax
van [cintura]
vaxina
ventre [barriga]
virilla [ingua]
vulva
As extremidades
antebrazo
anular [medianiño]
axila [sobaco]
brazo
calcañar [calcaño]
calcaño [calcañar]
canela
cóbado
coteno
coxa
deda
dedo
empeña
furabolos [índice]
índice [furabolos]
maimiño [pequeno]
maior [pai de todos]
man
matapiollos [polgar]
medianiño [anular]
nocello
ombreiro [ombro]
ombro [ombreiro]
pai de todos [maior]
palma
pé
pequeno [maimiño]
perna
planta
polgar [matapiollos]
pulso
puño
sobaco [axila]
sofraxe
uña [unlla]
xema

xeonllo

Ósos do esqueleto

cadril
cervical
clavícula
cóccix
columna
costela
cranio
cúbito
esterno
falanxe
fémur
frontal
malar
maxilar
occipital
omoplata
parietal
peroné
pómulo
radio
rótula
sacro



temporal
tibia
trapezio
úmero
vértebra
Órganos internos
apéndice
arteria
bazo
cerebro

Léxico

corazón
 cordas vocais
 diafragma
 esófago
 estómago
 farinxe
 fígado
 intestino delgado
 intestino grosso
 medula espiñal
 meninx
 nervios
 ovario
 próstata
 pulmóns
 recto
 ril
 traquea
 útero
 vea
 vesícula
 vexiga
 vísceras

Adxectivos

Do corpo

alto/a
 ancho/a
 aposto/a [garrido/a, gallardo/a]
 atractivo/a
 baixo/a
 barbudo/a
 baril [forte, rexo/a, robusto/a, varudo/a]
 barrigudo/a
 calvo/a
 corpulento/a
 débil [feble]
 delgado/a [fraco/a]
 destro/a
 elegante
 enxoito/a
 esquelético/a
 esvelto/a [lanzal]
 feble [débil]
 feo/a
 fermoso/a
 forte [baril]
 fraco/a [delgado/a]
 friorento/a

gallardo/a [aposto/a, garrido/a]
 garrido/a [aposto/a, gallardo/a]
 gordo/a
 grande
 guapo/a
 hábil
 lanzal [esvelto/a]
 louzán/á
 magro/a [delgado/a]
 musculoso/a
 obeso/a
 pálido/a
 pequeno/a
 repoludo/a
 rexo/a [forte, baril, robusto/a, varudo/a]
 robusto/a [baril, rexo/a, forte, varudo/a]
 torpe [zoupón/ona]
 varudo/a [robusto/a, baril, forte, rexo/a]



xeitoso/a
 zoupón/ona [torpe]
 zurdo

Do cabelo

abundante
 castaño
 claro
 crecho
 curto
 enguedellado
 escuro
 liso
 longo
 louro
 mesto
 moreno
 ondulado
 raro
 rizo
 roxo [rubio]

rubio [roxo]

Dos ollos

azuis
 castaños
 claros
 escuros
 grandes
 grises
 negros
 pequenos
 verdes



Do nariz

afiado
 aquilino
 chato
 ganchudo
 grande
 pequeno
 recachado
 recto
 saínte
 torto

Verbos

abrazar
 acariciar [acariñar, agarrar, aloumiñar]
 acariñar [acariciar, agarrar, aloumiñar]
 acenar
 acordar [espertar]
 adelgazar [enfraquecer, enmagrecer]
 adormecer
 afeitarse
 agarrar [coller]
 albiscar
 aloumiñar [acariñar, acariciar, agarrar]
 andar
 anicar(se) [encrequenar(se), encoller(se)]
 arquear [arfar, bafexar]

asoar(se) [fungar(se)]
 asubiar
 aterecer
 axeonllar(se)
 beixar [bicar]
 beliscar
 berrar [gritar, chiar]
 bicar [beixar]
 bocexar
 caer
 cagar [defecar]
 calar
 camiñar
 cansar(se)
 cheirar [ulir]
 chiar [berrar, gritar]
 chorar
 choscar
 choutar [saltar, pular]
 chuchar
 coller [agarrar]
 comer
 contemplar
 correr
 crecer [medrar]
 defecar [cagar]
 deitar(se)
 descansar [repousar]
 desvelar(se)
 dixerir
 dobrar
 durmir
 empurrar [empuxar]
 empuxar [empurrar]
 encoller(se) [anicar(se), encrequenar(se)]
 encrequenar(se) [anicar(se), encoller(se)]
 engordar
 enmagrecer [enfraquecer, adelgazar]
 entrever
 erguer(se) [levantar(se)]
 escorregar [esvarar]
 esgotar(se) [cansar(se), fatigar(se)]
 espelir(se) [espreguizar(se)]
 espertar [acordar]
 espreguizar(se) [espelir(se)]
 estarricar [estirar]

estirar [estarricar]
 esvarar [escorregar]
 falar
 fatigar(se) [esgotar(se), cansar(se)]
 fitar
 gritar [chiar, berrar]
 impar
 laiar(se)
 latexar [palpitar]
 mascar [mastigar]
 mastigar [mascar]
 mexar [ouriñar]
 mirar [ollar]
 morder [trabar]
 observar

ollar [mirar]
 ouriñar [mexar]
 palpar
 palpitar [latexar]
 patexar
 percibir
 pestanexar
 pisar
 premer
 pular [saltar, choutar]
 puxar [tirar, turrar]
 rabuñar
 rañar [rascar]
 rascar [rañar]
 respirar

rir
 roncar



salaiar [saloucar, xemer]
 saloucar [salaiar, xemer]
 saltar [pular, choutar]
 sentar(se)
 sentir
 soltar

Léxico




soprar
 suxeitar [termar]
 tirar [turrar, puxar]
 trabar [morder]
 turrar [puxar, turrar]
 termar [suxeitar]
 tocar
 tremer
 ventar
 ver
 xacer
 xemer [saloucar, salaiar]



Actividades



1. Resolve estes encrucillados: o primeiro é sobre as partes da man e o segundo, sobre as da cabeza. Cada elemento dos debuxos está identificado por unha cor.






Actividades

O corpo humano

2. Asígnalle o número adecuado a cada nome das partes do corpo sinaladas no debuxo.



- | | | | | |
|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-------------------|
| axila → | mamila → | coxa → | pene → | empeña → |
| noz → | sofraxe → | caluga → | xeonllo → | ingua → |
| cadeira → | calcaño → | van → | costas → | antebrazo → |
| planta → | ombro → | canela → | pulso → | perna → |
| embigo → | nádega → | man → | pescozo → | peito → |
| cabeza → | seos → | dedas → | vaxina → | cóbado → |
| dedos → | brazo → | nocello → | pé → | abdome → |

3. Clasifica estes substantivos referidos ao sentido do olfacto segundo se asocian a un olor agradable ou a un olor desagradable.

*tufo - esencia - fragancia - fetidez - perfume
recendo - bafo - aroma - fedor - pestilencia*

- Olor agradable:
- Olor desagradable:



4. Relaciona con frechas cada verbo relacionado co sentido da vista co seu significado.

<u>Verbo</u>	<u>Significado</u>
Albiscar	Observar desde un lugar alto.
Contemprar	Mirar de esguello e con disimulo.
Entrever	Ver confusamente ou de maneira imperfecta.
Fisgar	Observar con detemento e atención.
Fitar	Comezar a ver algo ao lonxe.
Outear	Fixar a vista en algo.

— Crea un texto breve no que introduzas, con sentido, os seis verbos anteriores.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

5. Indica cales destes adxectivos son sinónimos ou antónimos dos que aparecen despois.

*feo - feble - torto - hábil - zoupón
dereito - gordo - forte - fraco - garrido*

	<u>Sinónimo</u>	<u>Antónimo</u>
débil
torpe
delgado
recto
aposto

— Completa estas oracións cos adxectivos anteriores que conveñan.

- El namorouse de Laura pola súa fermosura: pareceulle a moza máis de toda a vila.
- Xoán é un : quixo amosarnos uns pasos de baile e caeu ao chan.
- Ese rapaz ten o nariz por culpa dun golpe que levou de pequeno.
- Despois da gripe aínda me sinto É mellor que hoxe descanse na casa.
- Agora creo que estou demasiado : cáenme case todos os pantalóns.
- Ese dianteiro é boísimo: destaca por ser moi no manexo da pelota.
- Véxote moi : ben se ve que estás a levantar pesas todos os días no ximnasio.



Actividades

6. Asocia cada verbo ao significado que lle corresponde. Formarás así seis series de sinónimos.

saloucar - termar - vociferar - espertar - chiar - aloumiñar
suxeitar - gritar - soste - salaiar - acordar - acariciar - xemer
escorregar - acariñar - agarimar - escorrer - esvarar - berrar

Lanzar sons agudos ou palabras emitidas en voz moi alta.
Dar suspiros de dor ou pena, lanzar queixumes.	
Coller coas mans algo ou alguén para que non se mova ou non caia.	
Deixar de estar durmido, saír do sono.		
Perder o equilibrio ao desprazarse sobre unha superficie.	
Demostrar afecto a alguén pasándolle a man pola pel ou polo pelo.

7. Relaciona cada frase feita co seu significado.

Frases feitas

Significados

- A. Estar coas mans cruzadas. Estar nun grave apuro ou problema.
- B. Estar nas mans de alguén. Falar moito.
- C. Encoller os ombros. Ter sorte.
- D. Non ter pés nin cabeza. Interesarse seriamente por algo; darlle moita importancia.
- E. Caer de pé. Dependere de alguén.
- F. Falar polos cóbados. Non facer nada.
- G. Tomar a peito. Sufrir con paciencia; resignarse.
- H. Estar coa corda ao pescozo. Estar mal feito ou non ter sentido.

— Crea un breve texto no que introduzas, con sentido, algunhas das expresións anteriores.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....



8. Asocia as palabras da mesma cor e despois indica cal é o elemento extraño en cada serie.

enxíva	úmero	cairo	tibia
rizo	pube	fígado	obeso
pómulo	crecho	esterno	intestino
íngua	ril	padal	liso

- **Serie 1:**
Elemento extraño: Xustificación:
- **Serie 2:**
Elemento extraño: Xustificación:
- **Serie 3:**
Elemento extraño: Xustificación:
- **Serie 4:**
Elemento extraño: Xustificación:

9. Le este texto. Rodea cun círculo o nome das partes do corpo de don Xoán que se mencionan e subliña os fragmentos que describen cada unha. Usa unha cor distinta para cada parte.

Elisa contárame que don Xoán era guapísimo, guapísimo, guapísimo, e que tiña os labios así, avultado o de abaixo, e o de enriba remangado nas comisuras, coma se todo o tomase a broma. Iso dáballo un aspecto desdeñoso, dicía Elvira, unha amiga de miña nai, ou burlón, dicían outras señoras, ou atrevido. ¿E os ollos? ¡Os ollos! Eran verdes, pero non coma os de Consuelito que tiña os ollos de peixe morto, redondos e case sen pestanas; nin coma os do mancebo da botica de don Hilario, que tiña as pálpabras grosas e caídas. E non había en Brétema máis ollos verdes, só os de don Xoán, que os tiña esgazados, dicía Elisa, así, e estiraba os seus para as tempas. «¿Coma os dos chinos? Non, non, non: máis rectos e tamén as cellas...»

Durante catro xoves consecutivos Elisa explicoume como era a cor dos ollos de don Xoán: dun verde intenso, igual ao do fondo da miña colcha, e cuns puntiños marelos, ¿marelos?, ou marrón claro, que parecían charamuscas do que brillaban; e outras veces víanse negros porque as pestanas, longas e espesas, facíanlles sombra. [...]

Don Xoán tiña a pel morena porque xogaba ao fútbol cos seminaristas a pleno sol, sen sotana, en mangas de camisa. Dende o faiado da casa das de Lourido, subíndome nunha cadeira e sacando a cabeza pola claraboia, víase o patio do Seminario, e calquera podía comprobar que xogaba coa camisa desabotoada e remangada e, pese á distancia, que tiña pelo negro e espeso nos brazos e no peito. Por iso estaba moreno, e porque paseaba polo campo sen a canal, a pelo, dicía Elvira, e non usaba tonsura nin era calvo coma case todos os cóengos. Tiña o cabelo negro, brillante e peiteado para atrás, excepto un guecho que lle caía sobre a fronte e que el apartaba coa man, branca e estreita, mans de señorito, dicía Doloriñas, a criada, e que xa se notaba que na vida pegara golpe con elas, a ver por que se metía cura un home coma aquel se non era para non traballar.

Marina Mayoral, *Querida amiga*



Actividades

O corpo humano

10. Relaciona cada castelanismo incorrecto coa forma galega adecuada.

<u>Incorrecto</u>	<u>Correcto</u>
paladar	coteno
encía	virilla
muslo	enxiva
empeine	pulso
muñeca	coxa
ingle	nádega
nudillo	padal
nalga	empeña

— Escribe oracións nas que introduces algunhas das palabras correctas anteriores.

-
-
-
-
-
-

11. Emprega as palabras desta serie para completar as frases feitas e despois explica o significado de cada unha.

ollo - dente - lingua - dedo - cabeza - mans - boca - pés

- Non ter papas na
- Encher o
- Botar a a pacer.
- Non levantar
- Ter bo
- Andar con de la.
- Lavar as
- Non mover un

— Completa estas oracións coas frases feitas anteriores que, polo seu sentido, mellor lles acaian.

- Imos ter que con Antón, porque ultimamente anóxase por todo.
- Esa chaqueta en canto a vin no escaparate. Así que fun e compreina.
- Como podes dicir tantas parvadas? Non deberías
- O noso equipo A semana pasada perdeu fóra e esta perdeu na casa.
- Xoán dirá claramente o que pensa: el
- Luís dixo que el porque non tiña responsabilidade no asunto.
- Es un egoísta: para axudarme.
- Seguro que a Marta lle gusta todo o que cociñaches: ela



Os sentimentos e a personalidade

Substantivos

Sentimentos

abraio [asombro]
alegría [ledicia]
aburrimiento [fastío]
acougo [serenidade, tranquilidadidade, calma]
afecto [cariño]
aloumiño
alporizamento
amor
angustia
anoxo [cabreo, enfado]
ansiedade
arrepentimento
arrepío [horror]
asombro [abraio]
cabreo [enfado, anoxo]
calma [acougo, serenidade, tranquilidadidade]
candidez [inxenuidade]
cariño [afecto]
carraxe [rabia]
choro
compaixón
complexo
confianza
contento
decepción
deleite [pracer, gozo]
depresión
desánimo
desconfianza
desesperación
desgusto
dor
dúbida
emoción
enfado [anoxo, cabreo]
entusiasmo
espanto

esperanza
excitación
fastío [aburrimiento]
felicidade
furia
gozo [deleite, pracer]
horror [arrepío]
ilusión
inquietude
inxenuidade [candidez]
ira
ledicia [alegría]



mágoa [pena]
medo
melancolía
morriña
nervios
nerviosismo
noxo [repugnancia]
odio
paixón
pánico
pena [mágoa]
pracer [deleite, gozo]
preocupación
rabia [carraxe]
rancor
repugnancia [noxo]
risa
risada [gargallada]
rubor
satisfacción
saudade
sentimento

serenidade [tranquilidade, acougo, calma]
soidade
sorpresa
sorriso
sufrimento
suspiro
susto
temor
terror
tranquilidade [serenidade, calma, acougo]
tristeza [tristura]
vergoña [vergoña]
xenreira

Personalidade

amabilidade
ánimo
antipatía
antollo [capricho]
apatía
arrogancia [soberbia]
arroutada
astucia [picardía]
bondade
capricho [antollo]
cobiza
cordura
covardía
crueldade
demencia [loucura]
desatino [tolemia, tolaría]
diversión
ego
egoísmo
encanto [feitizo]
envexa
estupidez
fachenda [vaidade, xactancia]
fantasía

feitizo [encanto]
franqueza [sinceridade]
hipocrísia
honor [honra]
honra [honor]
honradez
humildade
humor
ignorancia
imaxinación



imprudencia
individualismo
insolencia
intelixencia
introversión
inxenuidade [candidez]
inxustiza
loucura [demencia]
maldade
mesquindade [ruindade]
modestia
obediencia
optimismo
orgullo
paciencia
pesimismo
picardía [astucia]
presunción
prudencia
razón
rebelría
respecto
rigor
ruindade [mesquindade]

Léxico

sabedoría
sensatez [xuízo, siso]
sensibilidade
severidade
simpatía
sinceridade [franqueza]
siso [xuízo, sensatez]
soberbia [arrogancia]
solidariedade
submisión
teima
teimosía
timidez
tolaría [tolemia, desatino]
tolemia [tolaría, desatino]
vaidade [fachenda, xactancia]
valentía [valor, bravura]
vinganza
violencia
xactancia [fachenda, vaidade]
xenerosidade
xuízo [sensatez, siso]
xustiza

Adxectivos

abraiado/a [asombrado/a]
aburrido/a [enfasiado/a]
afectado/a
afectuoso/a [cariñoso/a]
agradecido/a
alegre [ledo/a, contento/a]
alporizado/a
amable
ambicioso/a
angustiado/a
animado/a
anoxado/a [cabreado/a, enfadado/a, molesto/a]
ansioso/a [impaciente]
antipático/a
antolladizo/a [caprichoso/a]
apaixonado/a
apático/a
apenado/a
arrepentido/a
arrepiente [horroroso/a]
arrogante [soberbio/a]
arroutado/a

arteiro/a [astuto/a, pícaro/a]
asisado/a [axuizado/a, sensato/a]
asombrado/a [abraiado/a]
astuto/a [pícaro/a, arteiro/a]
asustadizo/a
asustado/a
aterrado/a [aterrorizado/a]



aterrorizado/a [aterrado/a]
atolado/a [toleirán/ana]
atónito/a
autoritario/a
avergonzado/a [avergoñado/a]
axuizado/a [sensato/a, asiado/a]
babeco/a [papón/ona, parvo/a]
bo/boa
bondadoso/a
bravo/a [destemido/a, valente, valoroso/a]
cabreado/a [enfadado/a, anoxado/a, molesto/a]
calmo/a [sereno/a, tranquilo/a]
cándido/a [inxenuo/a]
caprichoso/a [antolladizo/a]
cariñoso/a [afectuoso/a]
celoso/a
chorón/ona [choromiqueiro/a]
cobizoso/a
coitado/a
compasivo/a
confiado/a
conformista
contento/a [alegre, ledo/a]
covarde
cruel
decepcionado/a

deprimido/a
desanimado/a
desconfiado/a
desesperado/a
desgustado/a
desilusionado/a [decepcionado/a]
destemido/a [valente, valoroso/a, bravo/a]
divertido/a
doído/a
dubitativo/a
egoísta
emocionado/a
emotivo/a
encantador/ora [fascinante]
enéxico/a
enfadado/a [anoxado/a, molesto/a, cabreado/a]
enfasiado/a [aburrido/a]
entusiasmado/a
envexoso/a
espantado/a
esperanzado/a
estúpido/a
excitado/a
fachendoso/a [vaidoso/a, xactancioso/a]
fascinante [encantador/ora]
feliz
franco/a [sincero/a]
furioso/a
guiado/a [obediente]
hipócrita
honrado/a
horroroso/a [arrepiente]
humilde
ignorante
ilusionado/a
impaciente [ansioso/a]
imprudente
indiferente
individualista
infeliz



inquieto/a
insolente
intelixente
inxenuo/a [cándido/a]
inxusto/a
irado/a
irascible [irritable]
ledo/a [contento/a, alegre]
malo/a
malvado/a
melancólico/a
medorento/a [medroso/a]
medroso/a [medorento/a]
mesquiño/a [ruín]
miserable
modesto/a
molesto/a [enfadado/a, anoxado/a, cabreado/a]
morriñento/a
namoradeiro/a
namorado/a
nervioso/a
noxento/a [repugnante]
obediente [guiado/a]
odioso/a
optimista
orgullosa/o
paciente
papón/ona [babeco/a, parvo/a]
parvo/a [babeco/a, papón/ona]
pensativo/a
pesimista
pícaro/a [arteiro/a, astuto/a]
pracenteiro/a
preocupado/a
presumido/a
prudente
rabioso/a
rabudo/a
rancoroso/a

rebelde
 repugnante [noxento/a]
 respectuoso/a
 rigoroso/a
 riseiro/a [risoño/a]
 risoño/a [riseiro/a]
 ruín [mesquiño/a]
 satisfeito/a
 saudoso/a [soidoso/a]
 sensato/a [axuizado/a, asisado/a]
 sensible
 sentimental
 sereno/a [tranquilo/a, calmo/a]
 severo/a
 simpático/a
 soberbio/a [arrogante]
 soidoso/a [saudoso/a]
 solidario/a
 soñador/ora
 sorprendido/a
 sorrinte
 submisivo/a
 taciturno/a [tristeiro/a]
 teimudo/a [testán/ana]
 testán/ana [teimudo/a]
 tímido/a
 toleirán/ana [atolado/a]
 tranquilo/a [sereno/a, calmo/a]
 triste
 tristeiro/a [taciturno/a]
 túzaro/a
 vaidoso/a [fachendoso/a, xactancioso/a]
 valente [valoroso/a, bravo/a, destemido/a]
 vergonzoso/a [vergoñoso/a]
 vergoñoso/a [vergonzoso/a]
 vingativo/a
 violento/a
 voluntarioso/a
 xactancioso/a [vaidoso/a, fachendoso/a]
 xeneroso/a
 xusto/a

Verbos

abraiar(se) [asombrar(se)]
 aburrir(se)
 acariñar [agarimar, aloumiñar]
 acomplexar(se)
 acougar [serenar(se), tranquilizar(se), calmar(se)]
 acovardar(se)
 afectar
 agarimar [aloumiñar, acariñar]
 agradecer
 aledar(se) [alegrar(se)]
 alegrar(se) [aledar(se)]
 aloumiñar [agarimar, acariñar]
 alporizar(se)
 ambicionar
 angustiar(se)
 animar(se)
 anoxar(se) [molestar(se), enfadar(se), cabrear(se)]



antollar(se) [encaprichar(se)]
 apaixonar(se)
 apenar(se)
 arrepentir(se)
 arrepiar(se) [horrorizar(se)]
 asombrar(se) [abraiar(se)]
 asustar(se)
 aterrorizar(se)
 avergoñar(se) [avergonzar(se)]
 cabrear(se) [enfadar(se), anoxar(se), molestar(se)]
 calmar(se) [tranquilizar(se), serenar(se), acougar]
 carpir
 chorar
 choromicar
 cobizar

compadecer
 confiar(se)
 conformar(se)
 contentar(se)
 decepcionar(se) [desilusionar(se)]
 deprimir(se)
 desanimar(se)
 desconfiar
 desesperar(se)
 desgustar(se)
 desilusionar(se) [decepcionar(se)]
 divertir(se)
 doer
 dudar
 emocionar(se)
 encantar [enfeitizar, fascinar]
 encaprichar(se) [antollar(se)]
 enfadar(se) [anoxar(se), molestar(se), cabrear(se)]
 enfastiar(se)
 enfeitizar [encantar, fascinar]
 enfurecer(se)
 enorgullecer(se)
 enrabexar(se)
 entristecer(se)
 envexar
 espantar(se)
 esperarzar(se)
 excitar(se)
 fachendea [xactar(se)]



fascinar [enfeitizar, encantar]
 gozar
 guiar(se) [obedecer]
 horrorizar(se) [arrepiar(se)]
 ignorar

Léxico

ilusionar(se)
 impacientar(se)
 impar [saloucar, salaiar]
 irritar(se)
 molestar(se) [enfadar(se), anoxar(se), cabrear(se)]
 namorar(se)
 obedecer [guiar(se)]
 odiar
 parvear
 pensar
 preocupar(se)
 presumir
 rabiarse
 rebelarse
 repugnar
 respectar
 rir
 ruborizar(se)
 saber
 salaiar [impar, saloucar]
 saloucar [impar, salaiar]
 sentir
 serenar(se) [calmar(se), tranquilizar(se), acougar]
 simpatizar
 sincerarse
 solidarizar(se)
 soñar
 sorprender(se)
 sorrir
 sufrir
 suspirar
 teimar
 temer
 tranquilizar(se) [acougar, serenar(se), calmar(se)]
 vingar(se)
 xactar(se) [fachendea]
 xulgar



—Actividades

Os sentimentos e a personalidade

1. Resolve estes xeroglíficos. Cada un representa o nome dun sentimento ou dun trazo de personalidade.

<p>A</p> <p>.....</p>	<p>B</p> <p>.....</p>	<p>C</p> <p>.....</p>	<p>D</p> <p>.....</p>	<p>E</p> <p>.....</p>
<p>F</p> <p>.....</p>	<p>G</p> <p>.....</p>	<p>H</p> <p>.....</p>	<p>I</p> <p>.....</p>	<p>L</p> <p>.....</p>

2. Completa esta táboa cos adxectivos, substantivos ou verbos necesarios. Repara en que, como ves no primeiro exemplo, as palabras de cada liña son da mesma familia léxica.

<u>Substantivo</u>	<u>Adxectivo</u>	<u>Verbo</u>
alegría	alegre	alegrar(se)
.....	orgullosa/a
.....	sorrir
fastío
.....	obedecer
sinceridade
.....	rebelde
fachenda
.....	solidarizar(se)
.....	teimoso/a
simpatía

— Crea un texto breve no que introduzas, con sentido, algunhas das palabras anteriores.

.....


.....

.....

.....



3. Encadea estas fichas de dominó de xeito que coincidan xuntos adxectivos sinónimos.



4. Completa convenientemente os refráns cos seguintes substantivos. Logo indica cal é, no teu parecer, o significado de cada un.

*envexa - medo - paixón
sospeita - siso - paciencia*

- A é un tesouro porque do chumbo fai ouro.
Significado:
- non teñas do eido do teu veciño, fai como el fai e atoparás o camiño.
Significado:
- Home cargado de ferro, home cargado de
Significado:
- Nin herba no trigo, nin no amigo.
Significado:
- Onde hai moito riso, hai pouco
Significado:
- A moita non agarda razón.
Significado:



Actividades

Os sentimentos e a personalidade

5. Identifica o antónimo que corresponde a cada un dos seguintes adxectivos. Para facelo terás que descubrir a consoante representada por cada cor.

- →
- →
- →
- →
- →
- →
- →
- →

	<u>Antónimos</u>		<u>Antónimos</u>
respectuoso → i ● o ● e ● e →		animado → a ● á ● i ● o →	
valente → ● o ● a ● e →		triste → ● e ● o →	
asisado → ● o ● e i ● á ● →		humilde → ● a i ● o ● o →	
mesquiño → ● e ● e ● o ● o →		rebelde → ● u ● i ● o →	

6. Ofrece o verbo galego que cómpre usar en lugar destes castelanismos. Despois escribe oracións combinando os verbos correctos.

<u>Incorrecto</u>	<u>Correcto</u>	<u>Incorrecto</u>	<u>Correcto</u>
codiciar	envidiar
empecinarse	sonreír
disfrutar	sollozar

-
-
-

7. Relaciona cada frase feita co seu significado.

<u>Frases feitas</u>	<u>Significados</u>
A. Ser un bulebule.	<input type="checkbox"/> Ser voluble e inconstante.
B. Ser un enchedoiro.	<input type="checkbox"/> Ser lento e preguiceiro.
C. Ser un bailanacriba.	<input type="checkbox"/> Ser crédulo ou confiado de máis.
D. Ser un falabarato.	<input type="checkbox"/> Ser antipático ou pouco sociable.
E. Ser un moucho.	<input type="checkbox"/> Ser moi comedor.
F. Ser un pousafoles.	<input type="checkbox"/> Ser demasiado falador, ou facelo sen tino.
G. Ser un cotroso.	<input type="checkbox"/> Ser moi inquieto.
H. Ser un boafé.	<input type="checkbox"/> Ser avaro.

— Escribe un breve texto no que introduzas, con sentido, algunhas das frases feitas anteriores.

.....

.....

.....

.....

.....

.....




A saúde e a enfermidade

Substantivos

Doenzas e síntomas

acne
 achaque [alifafe]
 afonía [rouquén]
 alerxia
 alifafe [achaque]
 almorrás [hemorroides]
 alopecia [calvicie]



alucinación [desvarío, delirio]
 amigdalite [anxinas]
 ampola [bocha, vexiga]
 andazo
 anemia
 anxina de peito
 anxinas [amigdalite]
 apendicite
 apoplexía
 arrefriado [constipado]
 arrepío [calafrío]
 arroto [eructo]
 asma
 bocha [ampola, vexiga]
 bocio
 boqueira
 bronquite
 brumeiro [furuncho]
 calafrío [arrepío]
 calvicie [alopecia]
 cancro [cáncer]
 cancro [cáncer]
 cansazo [canseira, fatiga]
 canseira [cansazo, fatiga]

carie
 carraspeira [rasquizo]
 caspa
 catarata
 catarreira [catarro]
 catarro [catarreira]
 cefalea
 cegueira
 celulite
 ciática
 cirrose
 cistite
 claustrofobia
 cólera
 cólico
 colite
 coma
 comechón [proído, prurito]
 constipado [arrefriado]
 conxuntivite
 corte [laña]
 coxeira
 delirio [desvarío, alucinación]
 denteira
 dermatite
 descomposición [diarrea]
 desmaio [esvaecemento]
 desvarío [delirio, alucinación]
 diabete
 diarrea [descomposición]
 difteria
 dor/dolor
 drogadicción [toxicomanía]
 eccema
 embolia
 encefalite
 erisipela
 eructo [arroto]
 esbirro [espiro]

esgarro [esputo, gargallo]
 espasmo
 espiña [gran da cara]
 espiro [esbirro]
 espulla [verruga]
 esputo [esgarro, gargallo]
 esvaecemento [desmaio]
 falecemento [morte, pasamento]
 fatiga [cansazo, canseira]
 febre [quentura]
 flato [gases]
 flegmón
 frieiras
 fungos
 furuncho [brumeiro]
 gangrena
 gargallo [esputo, esgarro]
 gases [flato]
 gota
 gran
 gripe [influenza]
 hemofilia
 hemorragia
 hemorroides [almorrás]
 hepatite
 hernia
 ictericia
 incubación
 indigestión
 infarto
 infección
 inflamación
 influenza [gripe]
 insolación
 insomnio
 intoxicación
 laña [corte]
 larinxite
 lepra

lombrigas
 loucura [tolaría, tolemia]
 lumbago
 malaria [paludismo]
 malestar
 manía [teima]
 maniotas
 mareo
 menopausa
 miopía
 mocos
 molestia
 morte [falecemento, pasamento]
 neurose
 olleiras
 orizó [tirizó]
 paludismo [malaria]
 papeiras
 parálise
 paranoia
 paraplexía
 pasamento [falecemento, morte]
 pneumonía [pulmonía]
 poliomielite
 proído [prurito, comechón]
 prurito [proído, comechón]
 pulmonía [pneumonía]
 psicose
 quentura [febre]



rabia
 rabuñadura
 raña [sarna]

Léxico

A saúde e a enfermidade

raquitismo
rasquizo [carraspeira]
reuma
rinite
rouquén [afonía]
rubéola
sarabullo
sarampelo [xarampón]
sarna [raña]
sida
sífilis
síncope
sinusite
teima [manía]
tétano
tifo
tirizó [orizó]
tise [tuberculose]
tolaría [loucura, tolemia]
tolemia [tolaría, loucura]



tose
tose ferina
toxicomanía [drogadicción]
tuberculose [tise]
úlcer
uñeiro
urticaria
varicela
varices
variola [vexigas]
verruqa [espulla]
vertixe
vexiga [ampola, bocha]
vómito
xaqueca
xarampón [sarampelo]
xoradeira

Lesións


bostela [carapola]
cabaleiro [cabalo, postura]
cabalo [postura, cabaleiro]

calo
cambra
carapola [bostela]
cicatriz
contusión [golpe, mancadura]
corte [laña]
croque [pote]
chaga
distorsión [escordadura, torcedura, luxación]
escordadura [luxación, distorsión, torcedura]
ferida
fractura [rotura]
golpe [mancadura, contusión]
hematoma [negrón, mazadura]
luxación [escordadura, torcedura, distorsión]
mancadura [contusión, golpe]
mazadura [negrón, hematoma]
negrón [hematoma, mazadura]
postura [cabaleiro, cabalo]
pote [croque]
pústula
queimadura
rotura [fractura]
torcedura [escordadura, luxación, distorsión]

Instrumentos, medicamentos e accións para a curación

agulla de sutura
agulla de inxección
alcohol [alcol]
alcol [alcohol]
algodón
ampola
amputación
análise
analxésico [calmante]
anestesia
angarellas [padiola]
anteollos [lentes]
antibiótico
apócema

apósito
auga osixenada
autopsia
bálsamo [ungüento]
biopsia
caixa de urxencias
calmante [analxésico]
cataplasma
cicatrización
cirurxía
compresa
comprimido [pastilla, píula]
contagotas
contaxio
convalecencia
cullerada
cura
curación
desinfección
diagnóstico
dieta [réxime]
doazón
ecografía
escaiola [xeso]
esparadrapo
estetoscopio [fonendoscopia]
estribeira
extirpación
extracción
fármaco [medicamento, menciña, medicina]



férula
fomento
fonendoscopia [estetoscopio]
frega [freta]
freta [frega]
gasa
intervención
inxección

laxante [purgante]
lentes [anteollos]
masaxe
medicación
medicamento [menciña, fármaco, medicina]
medicina [fármaco, menciña, medicamento]
menciña [medicamento, fármaco, medicina]
muleta
narcótico
operación
padiola [angarellas]
pastilla [comprimido, píula]
píula [pastilla, comprimido]
pinzas
pomada
prescrición
prevención [profilaxe]
profilaxe [prevención]
prótese
purgante [laxante]
radiografía
receita
reconstituínte
réxime [dieta]
sonda
soro
supositorio
termómetro
transfusión
transplante
tratamento
ungüento [bálsamo]
vacina
vacinación
venda
vitamina
xarope
xeso [escaiola]
xiringa

Profesionais e pacientes

alergólogo/a
analista
anestesista
asistente/a
boticario/a

[farmacéutico/a]
calista
cardiólogo/a
cirurxián/á
comadroa [matrona, parteira]
compostor/ora
curandeiro/a [menciñeiro/a]
dentista [odontólogo/a]
dermatólogo/a
dietista
doador/ora
doente [enfermo]
endocrinólogo/a
enfermeiro/a



enfermo [doente]
estomatólogo/a
farmacéutico/a [boticario/a]
fisioterapeuta
forense
homeópata
masaxista
matrona [comadroa, parteira]
menciñeiro/a [curandeiro/a]
neurocirurxián/á
neurólogo/a
oculista [oftalmólogo/a]
odontólogo/a [dentista]
oftalmólogo/a [oculista]
óptico/a
otorrinolaringólogo/a
parteira [comadroa, matrona]
pediatra
podólogo/a
practicante/a
psicólogo/a
psiquiatra
puericultor/ora
radiólogo/a
reumatólogo/a

terapeuta
tocólogo/a
traumatólogo/a
urólogo/a
xinecólogo/a

Adxectivos

arrefriado/a [constipado/a]
cancerixeno/a
canso/a [fatigado/a]
cardíaco/a
constipado/a [arrefriado/a]
coxo/a
curable
daniño/a [nocivo/a]
débil [feble]
dérmico/a
discapacitado/a
doente [enfermo/a]
doloroso/a
dorido/a
enfermo/a [doente]
eivado/a [tolleito/a]
endémico/a
enfermizo/a
esbrancuxado/a [pálido/a]
fatigado/a [canso/a]
feble [débil]
febril
ferido/a
forte
gástrico/a
grave
hemofílico/a
hepático/a
hereditario/a
ileso/a
incurable
indemne
indisposto/a
infecioso/a
infectado/a
inmune
insalubre [insán/insá]
insán/insá [insalubre]
insomne
intestinal
leve
magoado/a [mancado/a]
mancado/a [magoado/a]
medular

mortal
nocivo/a [daniño/a]
óseo/a
pálido/a [esbrancuxado/a]
parapléxico/a
prexudicial
san/sa [saudable]
sanitario/a
saudable [san/sa]
tetrapléxico/a
tolleito/a [eivado/a]
tóxico/a
venenoso/a
vírico/a

Verbos

abafar [afogar, acorar, asfixiar]
acorar [asfixiar, afogar, abafar]
afectar
afogar [asfixiar, acorar, abafar]
agravar(se) [empeorar]
agripar(se)
aliviar
amputar [cortar]
analizar
anestesiarse
aplicar
asfixiar [afogar, acorar, abafar]
asistir
atacar
atragoar(se)
auscultar
coidar
constipar(se) [arrefriar(se)]
contaxiar
convalecer
cortar [amputar]
coser
crebar [partir, fracturar]
curar [sandar]
danar(se)
desinfectar
desmaiar(se) [esvaecer(se)]
diagnosticar
doar
doer
empeorar

Léxico

encamar
enfermar
enquistar(se)
enxesar
esberrar [espírrar]
escordar [luxar, torcer]
espírrar [esberrar]
esvaecer(se), [desmaiar(se)]
extirpar
extraer [tirar, sacar]
falecer [finar, morrer]
finar [falecer, morrer]
ferir(se) [mancar(se)]
fracturar [partir, crebar]
golsar [vomitar, trousar]
hospitalizar
incubar
inchar
infectar(se)
intoxicar(se)
inxectar
luxar [escordar, torcer]
mancar(se) [ferir(se)]
marear(se)
medicar(se)
mellorar
morrer [falecer, finar]
operar
padecer
partir [crebar, fracturar]
picar [proer]
previr
proer [picar]
queixar(se)
radiografar
receitar
respirar
restablecer(se)
sacar [extraer, tirar]
salvar(se)
sandar [curar]
sangrar
sufrir
tirar [sacar, extraer]
torcer [luxar, escordar]
trousar [vomitar, golsar]
tusir
vacinar
vomitar [golsar, trousar]
xaxuar



Actividades

1. Identifica, por escrito, as dez diferenças entre o debuxo A e o debuxo B.



Diferenzas

1.
2.
3.
4.
5.
6.
7.
8.
9.
10.



2. Selecciona entre estas palabras as que se corresponden con cada unha das definicións posteriores.

*incisivo - indemne - intanxible - intacto
insomne - invulnerable - insalubre - inmune*

- Que desenvolve medios de defensa, naturais ou adquiridos, contra un axente infeccioso ou tóxico. →
- Que non sufriu dano ou lesión a consecuencia dun suceso. →
- Que non é capaz de durmir. →
- Que non foi tocado, que non foi deteriorado. →

3. Repara no significado destes elementos léxicos de orixe grecolatina.

HEMO- → sangue	LUMBO- → costas	GASTRO- → estómago	HEPATO- → fígado
XENXIVO- → enxiva	ODONTO- → dente	DERMATO- → pel	CARDIO- → corazón
ARTRO- → articulación	RINO- → nariz	CLAUSTRO- → lugar pechado	FOTO- → luz
-ITE → inflamación	-OSE → enfermidade	-ALXIA → dor	-RRAXIA → brotar
-SCOPIA → observación	-PLASTIA → cirurxía reparadora	-FOBIA → medo	-LOXÍA → ciencia, estudo

— Define as seguintes palabras tendo en conta o anterior.

- Lumbalxia:
- Artrose:
- Claustrofobia:
- Dermatite:
- Odontoloxía:
- Gastroscopia:
- Cardioplastia:
- Hemorragia:

— Ofrece outras palabras que combinen ou posúan estes mesmos elementos léxicos.

.....

.....

.....



Actividades

A saúde e a enfermidade

4. Asocia cada verbo ao significado que lle corresponde. Formarás así seis series de sinónimos.

*perecer - operar - proer - curar - falecer - comer
golsar - picar - trousar - repoñerse - vomitar - morrer
intervir - finir - restablecerse - sandar - mellorar*

Practicar unha operación cirúrxica a alguén.		
Recuperarse progresivamente dunha doenza.	
Ter de novo saúde, deixar de ter unha doenza.		
Sentir unha sensación molesta de ardor ou comechón na pel que incita a rascarse.	
Lanzar pola boca algo que estaba no estómago.	
Deixar de vivir.

5. Relaciona, con frechas, as voces cultas de doenzas e lesións cos nomes populares que lles corresponden.

<u>Nome técnico ou culto</u>	<u>Nome popular</u>
amigdalite	negrón
constipado	bocha
ampola	arrefriado
hemorroides	almorrás
luxación	proído
influenza	anxinas
prurito	rouquén
hematoma	gripe
afonía	vexigas
varíola	escordadura

— Crea un breve texto no que introduzas, con sentido, palabras das expresións anteriores.

.....


.....

.....

.....



6. Resolve este encrucillado.



- | | |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> ▶ Lesión nos dentes que destrúe o esmalte debido a unha falta de calcio. ▶ Dor forte de cabeza. ▶ Saída repentina e con ruído do aire contido nos pulmóns, producida cando se irritan as vías da respiración. ▶ Que causa dano, prexudicial. ▶ Cesamento definitivo da menstruación coa conseguinte perda da capacidade reprodutiva. | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Que actúa dentro do intestino, abrandando as feces e estimulando a súa expulsión. ▶ Persoa que doa algo, en particular un órgano, sangue... ▶ Pertencente ou relativo a un virus. ▶ Relativo á febre. ▶ Enfermidade da pel que se caracteriza pola formación de espiñas e grans. |
|--|--|

7. Reescribe estas oracións corrixindo as interferencias do castelán que conteñen.

- O doutor recetoume un medicamento para evitar que sinta vértigo.
.....
- Hai que levar a Xurxo ao médico: non para de estornudar e di que ten escalofríos.
.....
- O xogador lastimouse nun xeonllo e foi retirado do campo en camilla.
.....
- O avó non quixo poñer a vacina contra a gripe e agora leva dous días resfriado.
.....
- Esa dieta que fas é unha loucura: aiunar en días alternos ten que ser perxudicial.
.....
- Xusto onde agora teño ese grano tan grande antes tiña un arañazo.
.....
- O neno atragantouse cun anaco de algodón que collera do botiquín.
.....



Actividades

8. Asocia cada unha destas palabras co seu significado.

*febre - pulmonares - gripe - calafríos - cardíacas - arrefriado
asma - síntomas - incubación - tose - espirros - vacina - prescripción*

- Alteracións do organismo que revelan que este padece unha enfermidade. →
- Enfermidade infecciosa respiratoria, de orixe vírica, caracterizada por febre, tose, malestar, inflamación das vías respiratorias... →
- Indicación de certo tratamento ou medicamento como remedio contra unha doenza. →
- Afección leve das vías respiratorias a consecuencia da exposición á humidade e ao frío e caracterizada por tose, espirros, secrecións nasais... →
- Desenvolvemento dun organismo que produce unha enfermidade infecciosa desde que comeza a xestarse ata que se manifesta. →
- Relativas ao corazón. →
- Aumento anormal da temperatura do corpo. →
- Saída súbita e ruidosa, pola boca, do aire dos pulmóns, producida pola irritación das mucosas das vías respiratorias. →
- Expulsións bruscas e ruidosas, pola boca e polo nariz, do aire dos pulmóns por causa da irritación das mucosas nasais. →
- Relativas aos pulmóns. →
- Tremores bruscos e sensación de frío que, ás veces, acompañan a febre nunha enfermidade. →
- Substancia que, introducida no corpo, fai que este produza anticorpos contra certas enfermidades causadas por virus ou bacterias e quede inmunizado. →
- Enfermidade crónica caracterizada por unha diminución aguda da capacidade bronquial e que produce ataques de dificultade respiratoria, con tose, espasmos, sensación de afogo... →

— Usa as palabras anteriores para completar adecuadamente este texto.

Piden un especial coidado dos anciáns contra a gripe

Coincidindo co inicio das campañas de vacinación da por parte das comunidades autónomas, o Ministerio de Sanidade e Consumo recomenda a antigripal nos grupos de risco para previr a enfermidade e evitar complicacións máis graves.

Sanidade lembrou que, ao ser un proceso vírico, o tratamento con antibióticos non é eficaz e só se deben tomar baixo médica, para evitar a aparición de resistencias bacterianas.

Para a temporada 2004-2005, a Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde fixo fincapé en que se deben mellorar as coberturas de vacinación nas persoas de 65 ou máis anos e coñecer e mellorar as coberturas de vacinación nos outros grupos de risco recomendados. Os grupos de risco aos que se lles recomenda a vacina son persoas de 65 ou máis anos de idade, nenos e adultos con enfermidades crónicas ou (incluíndo nenos con); nenos e adultos que precisasen seguimento médico periódico ou hospitalización no ano precedente.

A gripe é unha enfermidade de curso agudo. O período de é de 48 horas cunha variación entre un e sete días. Con todo, algúns dos da gripe acostuman durar entre dúas e tres semanas. Transmítese polas segregacións respiratorias a través da e os Os principais síntomas son: alta de ata 39 graos centígrados,, dor de cabeza, dores musculares, prostración, espirros, tose intensa e persistente, rinorrea, lagrimexo e farinxite leve. Durante a temporada de gripe, cuxa máxima incidencia ocorre nos meses de outono e inverno, os síntomas doutras afeccións respiratorias poden ser confundidos coa gripe, como o común.

Galicia Hoxe, 2-10-2004 (adaptación)




A vestimenta

Substantivos

Pezas de roupa

abrigo [gabán]
 albornoz
 americana
 anorak
 bañador
 bata
 bermudas
 bikini
 blusa [chambra]
 braga
 calza
 calzón [cirolas]
 camisa
 camiseta
 camisón
 capa
 cazadora
 chal
 chaleco
 chambra [blusa]
 chándal
 chaqué
 chaqueta
 chaquetón
 chuasqueiro
 cirolas [calzón]
 enagua
 faixa
 frac
 gabán [abrigo]
 gabardina
 gardapó
 impermeable
 levita
 mandil [mantelo]
 mantelo [mandil]
 mantón
 minisaia

muda
 pantalóns
 pixama
 polo
 poncho
 saia
 smóking



sotana
 suadoiro
 toga
 traxe
 uniforme
 vaqueiros
 vestido
 xersei
 zamarra

Obxectos e complementos

abano
 alfaia [xoia]
 alfinete
 anel [sortella]
 anteollos [lentes]
 antuca [parasol]
 apertador [suxeitador]
 babeiro
 bastón [caxato]
 boina [pucha]
 bolso
 botón de puño
 broche
 bufanda
 cadea
 calcetín [peúgo]

calzador
 carteira
 caxato [bastón]
 chapeu [sombreiro, pucho]
 chistera
 cinta [fita]
 cinto
 cofia [touca]
 colar
 cueiro
 diadema
 faldriqueira
 fita [cinta]
 fular
 fungo
 gorra
 gorro
 gravata
 gravata de lazo
 guante [luva]
 lentes [anteollos]
 liga
 ligueiro
 luva [guante]
 manopla
 medias
 moedeiro [portamoedas]
 pamela
 pano da cabeza
 pano da man
 parasol [antuca]
 paraugas
 pasamontañas
 pendente
 perruca
 peúgo [calcetín]
 pinza
 portamoedas [moedeiro]
 prendedor
 pucha [boina]

pucho [sombreiro, chapeu]
 pulseira
 reloxo
 sombrero [chapeu, pucho]
 sortella [anel]
 suxeitador [apertador]
 tirante
 touca [cofia]
 veo
 viseira
 xoia [alfaia]

Partes de pezas de roupa e de complementos


aba
 abelorio [doa]
 basta [dobra]
 botoeira [ollal]
 botón
 bragueta [petrina]
 broche
 calcañar
 capucha



carapucha
 cintura
 cobadeira
 colo
 cremalleira
 doa [abelorio]
 dobra [basta]
 embozo
 escote
 farrapo
 fibela

Léxico

forro
lapela [solapa]
lazada [lazo]
lazo [lazada]
manga
mendo [remendo]
nó



ollal [botoeira]
ombreira
perna [perneira]
perneira [perna]
pespunto
peto
petrina [bragueta]
puño
remendo [mendo]
solapa [lapela]
talón
xeonlleira
zurcido

Calzado

alpargata
bota
botina
catiúsca
chancleta
chinela
galocho [zoco]
mocasín
pantufla
sandalia
tenis
zapatilla
zapato
zoca
zoco [galocho]

Partes do calzado

agulleta [ferrete]
amalló [cordón]
biqueira [punteira]
calcañeira [calcaño]
calcaño [calcañeira]
cana

contraforte
copete [lingüeta]
cordón [amalló]
empeña
ferrete [agulleta]
illó
lingüeta [copete]
piso [sola]
plataforma
punteira [biqueira]
sola [piso]
taco [tacón]
tacón [taco]
tapa

Tipos de tecidos

algodón
coiro
encaixe
felpa
la
liño
muselina
nailon
pana
poliéster
raso
satén
seda
tafetá
tergal
tule
veludo

Adxectivos

aberto/a
abrigoso/a
amplio/a [folgado/a]
anticuado/a
apertado/a
áspero/a
aveludado/a
axustado/a [cinguido/a]
barato/a
brillante [relucente]
caro/a
chamativo/a
cinguido/a [axustado/a]
confortable
cotroso/a [goldrento/a]

cumprido/a [longo/a]
curto/a
discreto/a
dondo/a [suave]
elegante
drogueiro/a
estanqueiro/a
feirante
florista
fornecedor/ora [provedor/ora]
leiteiro/a
libreiro/a
panadeiro/a
pasteleiro/a [confeiteiro/a, doceiro/a]
peixeiro/a [pescantín/ina]
peleteiro/a
pescantín/ina [peixeiro/a]
provedor/ora [fornecedor/ora]
queixeiro/a

Léxico

sombreireiro/a
tendeiro/a
tintureiro/a
vendedor/ora
viñateiro/a
xastre
xoieiro/a

Profesións relacionadas coa Administración e a xustiza

alcalde/esa
avogado/a
comisario/a



concelleiro/a
conselleiro/a
cónsul/consulesa
deputado/a
diplomático/a
embaixador/ora
fiscal
funcionario/a
garda civil
garda de tráfico
governador/ora
maxistrado/a
militar
ministro/a
notario/a
parlamentario/a
policía
presidente/a
procurador/ora
recador/ora
senador/ora
xuíz/íza

Profesións relacionadas coa sanidade

anestesista
boticario/a [farmacéutico/a]
cirurxián/á
curandeiro/a
[menciñeiro/a]
dentista [odontólogo/a]

dermatólogo/a
doutor/ora [médico/a]
enfermeiro/a
farmacéutico/a
[boticario/a]
fisioterapeuta
masaxista
médico/a [doutor/a]
menciñeiro/a
[curandeiro/a]
neurólogo/a
oculista [oftalmólogo/a]
odontólogo/a [dentista]
oftalmólogo/a [oculista]
pediatra
psicólogo/a
psiquiatra
traumatólogo/a
veterinario/a
xinecólogo/a

Profesións relacionadas cos transportes

auxiliar de voo
aviador/ora
capitán/á
chofer [conductor/ora]
conductor/ora [chofer]
controlador/ora aéreo/a
estibador/ora
ferroviario/a



gardaagullas
gardabarreiras
maquinista
mariñeiro/a
mecánico/a
piloto
revisor/ora
taxista
transportista
tripulante

Profesións relacionadas coa empresa e cos ne- gocios

administrativo/a

asesor/ora
axente de bolsa
axente de seguros
banqueiro/a
comercial
conselleiro/a
contable
delegado/a sindical
director/ora
empregado/a de banca
empresario/a
executivo/a
mecnógrafo/a
oficinista
presidente/a
representante
secretario/a
subdirector/ora
tesoureiro/a
viaxante
vicepresidente/a
vogal
xefe/a de compras
xefe/a de vendas
xefe/a de persoal
xerente

Profesións relacionadas cos servizos

barbeiro/a
bedel
bombeiro/a
camareiro/a
carteiro/a
cobrador/ora
cociñeiro/a
conserxe
empregado/a do fogar
escolta [gardacostas]
gardacostas [escolta]
garda de seguridade
gardamontes
guía turístico
hostaleiro/a
intérprete
mensaxeiro/a
mozo/a dos recados
peiteador/ora
porteiro/a
pousadeiro/a

repcionista
taberneiro/a
telefonista
telegrafista
socorrista
varredor/ora
vixilante

Profesións relacionadas coa ciencia

antropólogo/a
arqueólogo/a
biólogo/a
cartógrafo/a
científico/a
economista
etnógrafo/a
filósofo/a
físico/a
historiador/ora
informático/a
inventor/ora
investigador/ora
lingüista
matemático/a
meteorólogo/a
químico/a
sociólogo/a
topógrafo/a
xeógrafo/a
xeólogo/a

Profesións relacionadas coa arte e a cultura

actor/actriz
anticuario/a
artista
bibliotecario/a
cantante



compositor/ora
deportista
deseñador/ora
dobrador/ora
domador/ora
editor/ora

escenógrafo/a
 escritor/ora
 escultor/ora
 fotógrafo/a
 ilustrador/ora
 impresor/ora
 locutor/ora
 mestre/a
 modelo
 músico



novelista
 periodista [xornalista]
 pintor/ora
 poeta/isa
 presentador/ora
 profesor/ora
 publicitario/a
 tradutor/ora
 xornalista [periodista]

Oficios artesanais e tradicionais

acibecheiro/a
 afiador/ora
 augador/ora
 augardenteiro/a
 baldeiro/a [selleiro/a]
 barqueiro/a
 cacharreiro/a
 canteiro/a [pedreiro/a]
 capador/ora
 carboeiro/a
 carpinteiro/a
 carpinteiro/a de ribeira
 cereiro/a
 cerralleiro/a
 cesteiro/a
 costureira

enterrador/ora [sepultureiro/a]
 ferreiro/a
 fiadeiro/a [fiador/a]
 fiador/a [fiadeiro/a]
 fogueteiro/a
 gaiteiro/a
 latoeiro/a
 lavandeira
 leiteiro/a
 matachín/ina
 muiñeiro/a
 oleiro/a
 ourive
 palilleira
 paraugueiro/a
 pedreiro/a [canteiro/a]
 peleteiro/a
 prateiro/a
 quincalleiro/a
 redeiro/a
 selleiro/a [baldeiro/a]
 sepultureiro/a [enterrador/ora]



tecelán/á
 telleiro/a
 toneleiro/a
 tratante
 xastre/a
 zapateiro/a
 zoqueiro/a

Adxectivos

activo/a
 arduo/a
 difícil
 doado/a
 estable
 experimentado/a

experto/a
 festivo/a
 folgazán/ana [preguiceiro/a, vago/a, lacazán/ana]
 inactivo/a
 indefinido/a
 inexperto/a
 laborable
 laboral
 laborioso/a
 lacazán/ana [preguiceiro/a, vago/a, folgazán/ana]
 novato [principiante]
 ocioso/a
 ocupado/a
 preguiceiro/a [lacazán/ana, vago/a, folgazán/ana]
 principiante [novato]
 profesional
 salarial
 temporal
 traballador/ora
 traballoso/a
 vago/a [lacazán/ana, preguiceiro/a, folgazán/ana]
 xubilado/a

Verbos

afiliar(se)
 aprender
 ascender



asegurar
 asinar
 aumentar
 cobrar
 concursar
 contratar
 cotizar

Léxico

delegar
 descansar



despedir
 diminuír
 empregar
 entrar
 entrevistar
 estudar
 explotar
 fabricar
 facer folga
 fichar
 folgar
 gañar
 indemnizar
 lacazanear [vaguear]
 manifestar(se)
 negociar
 opositar
 pagar
 producir
 reclamar
 reivindicar
 remudar [revezar]
 rescindir
 reter
 revezar [remudar]
 saír
 seleccionar
 sindicarse
 substituír
 traballar
 vaguear [lacazanear]
 xubilar(se)



Actividades

O traballo e as profesións

1. Completa adecuadamente cos seguintes nomes de profesións estes titulares tirados do xornal Galicia Hoxe.

*afiador - piloto - ourive - actriz
economista - enxeñeira - cirurxián
tesoureira - embaixadora - escritora*

Muhammad Yunus, o de Bangladesh mundialmente coñecido como «o banqueiro dos pobres», fala en Compostela do seu método de loita contra a pobreza. (13-7-2004)

A brasileira Nélide Piñón, descendente de galegos, presentou na Galería Sargadelos de Compostela a súa última novela, *Vozes do deserto*. (30-3-2005)

Antonio Feijoo, : «Xa non quedan aqueles que andaban polos camiños, non hai traballo». Hai pouco futuro para estes traballadores e artesáns, condenados ao museo ante a cultura do «usar e tirar» que impón a globalización. (19-7-2004)

A Federación de Peñas do Compostela remodelou a súa xunta directiva: presidenta, María Rosa Pais Gómez; secretaria, Margarita Fernández Seoane; e , Carmen Fernández Seoane. (20-10-2003)

O pasado 28 de xullo inaugurouse na Galería Sargadelos a mostra Damían Garrido, do século XX, que integra 22 pezas: unha auténtica revolución no deseño da prata. (3-8-2004)

O da Clínica Ruber Francisco Gómez Bravo proponse realizar en España, este mesmo ano, o primeiro transplante de rostro procedente dun doador falecido. (4-3-2004)

Un xaponés queda durmido aos mandos do avión. Viaxaban 184 pasaxeiros e a tripulación a bordo, pero non provocou alteracións. (1-5-2004)

Miguel A. Fernández presenta *A Bela Otero. Pioneira do cine*. O gañador do Chano Piñeiro demostra que a diva de Valga foi a primeira dos Lumiére. (13-11-2003)

Elena Salgado será a quinta muller que ocupa a carteira de Sanidade. Natural de Ourense, de 55 anos, é economista e industrial. (31-3-2004)

O Goberno convocou «con carácter urxente» a de Cuba en España, Isabel Allende, despois de que se lle prohibise a entrada na illa ao deputado do PP Jorge Moragas. (26-6-2004)

— Clasifica as dez profesións anteriores segundo o ámbito laboral ao que pertencen: sanidade, transportes...

<u>Profesión</u>	<u>Ámbito</u>	<u>Profesión</u>	<u>Ámbito</u>
.....	→	→
.....	→	→
.....	→	→
.....	→	→
.....	→	→

2. Resolve estes xeroglíficos. Cada un representa o nome dunha profesión.

<p>A</p> <p>NOTA</p> <p>consoante</p>  <p>.....</p>	<p>B</p> <p>XO</p> <p>despois</p> <p>.....</p>	<p>C</p>  <p>.....</p>	<p>D</p> <p>1000 e</p>  <p>i 100 o</p> <p>.....</p>	<p>E</p> <p>A</p> <p>rema</p> <p>NOTA</p> <p>.....</p>
<p>F</p> <p>TC</p> <p>NOTA</p> <p>.....</p>	<p>G</p> <p>DO</p>  <p>.....</p>	<p>H</p> <p>100 LL</p> <p>cólera</p> <p>.....</p>	<p>I</p> <p>i</p> <p>abrillanta</p> <p>NOTA</p>  <p>.....</p>	<p>L</p> <p>XULLO</p> <p>consoante</p> <p>NOTA</p> <p>.....</p>

3. Completa as oracións coas palabras axeitadas de cada par. Consulta un dicionario se o precisas.

xornal - soldo

- Canto che pagan de por ir vendimar hoxe as súas leiras?
- Eu, co meu, chego malamente a fin de mes.

gremio - sindicato

- O dos comerciantes está a favor das rúas peonís.
- O convocou unha folga dos traballadores para o vindeiro día dez.

descanso - lecer

- No verán aproveito o para ler e para dar paseos polo monte.
- Fixen un e despois continúei traballando.

ferrador - ferreiro

- Esa reixa de ferro fíxonola o mellor da bisbarra.
- Levei o cabalo ao para que lle cambiase as ferraduras.



Actividades


O traballo e as profesións

4. Repara na seguinte definición e localiza nesta sopa de letras seis adxectivos sinónimos que se axusten a ela.

'Que non é amigo de traballar e que non fai nada'



5. Agrupa e ordena as sílabas de cada cor ata formar doce verbos que designan accións propias de distintas profesións. Despois asocia cada acción á súa profesión.



- Mecánico/a:
- Arquitecto/a:
- Panadeiro/a:
- Sepultureiro/a:
- Cirurgián/a:
- Gandeiro/a:
- Mariñeiro/a:
- Zapateiro/a:
- Profesor/ora:
- Xuíz/a:
- Labrego/a:
- Xastre/a:

6. Clasifica estes verbos segundo o ámbito do mundo laboral ao que están asociados: a busca de traballo, os contratos, os salarios ou a actividade sindical.

*asinar - fichar - entrevistar - afiliarse - estudar
cobrar - contratar - asegurar - descansar - aumentar
reivindicar - opositar - rescindir - negociar - entrar*

Busca de emprego	Contratos	Salarios	Horarios	Actividade sindical
.....
.....
.....



7. Reordena o comezo e o final destes refráns de xeito que se comprendan ben.

• **Barbeiro** novo, peixes non colle.

.....

• Na casa do **ferreiro** non o traías enganado.

.....

• **Costureira** sen dedal para a barba do meu sogro.

.....

• Ao **médico** e ao avogado bautiza o viño primeiro.

.....

• **Mariñeiro** que dorme, xustiza polas silveiras.

.....

• **Avogado** novo, o que pasa na cociña ben o sabe.

.....

• Quen foi **cociñeiro** antes que frade cose pouco e mal.

.....

• O bo **taberneiro** coitelo de pau.

.....

8. Marca cun X o significado correcto destas palabras.

barqueiro

- Persoa que goberna unha barca e vive de transportar nela pasaxeiros e carga.
- Persoa que se dedica a construír embarcacións pequenas.
- Membro da tripulación dun barco encargado da limpeza.

cotizar

- Incluír algo nunha listaxe ou relación.
- Examinar un documento para comprobar que non é falso.
- Pagar a cota correspondente como membro dunha asociación, organismo, sindicato...

obradoiro

- Obreiro que fai os traballos menos especializados e que non requiren grande habilidade.
- Lugar onde realizan o seu traballo os artesáns.
- Edificio en construción.

xeira

- Oficina desde onde se dirixe o traballo nunha fábrica.
- Xornada de traballo, tempo durante o que se fai un traballo sen interrupción.
- Selo que acompaña a sinatura nos contratos de traballo.

delegar

- Autorizar unha persoa a outra para que actúe en representación súa nalgún asunto.
- Dar a coñecer os resultados dun acordo.
- Substituír unha persoa que deixou o seu posto de traballo temporalmente.

ebanista

- Importador de ébano e doutras madeiras nobres.
- Comerciante de antigüidades e de mobles usados.
- Persoa que ten por oficio facer mobles, traballando xeralmente con madeiras nobres.



Actividades

O traballo e as profesións

9. Asocia cada adxectivo co seu significado.

laboral - laborioso - laborable

- Que se pode traballar. →
- Relativo ao traballo. →
- Que custa moito esforzo ou traballo. →

— Crea unha oración para cada un dos adxectivos anteriores.

-
-
-

10. Ofrece a voz galega correcta que cómpre usar en lugar destes castelanismos.

<u>Incorrecto</u>	<u>Correcto</u>	<u>Incorrecto</u>	<u>Correcto</u>
albañil	concellal
inxenieira	vocal
sastre	gardaespaldas
peluqueira	orfebre

— Crea un texto no que introduzas, con sentido, algunhas das voces correctas anteriores.

.....

.....

.....

.....

.....

11. Explica cal é, na túa opinión, o significado destes refráns.

Para o mal traballador, non hai ferramenta boa.

• Significado:

Quen deixa o camiño e colle o atallo, máis traballo.

• Significado:

Facer o xa feito, traballo sen proveito.

• Significado:



Os medios de transporte

Substantivos

Medios terrestres

ambulancia
autobús




autocar
automóbil
camión cisterna
camión de carga
camión de envorco
camión do lixo
camioneta
camión formigoneira
caravana
carreta
carro
carromato
carroza
carruaxe
ciclomotor
coche [automóbil]
diligencia
escavadora
funicular
jeep
microbús
metro
moto [motocicleta]
motocarro
motocicleta [moto]
ómnibus
quitaneves
remolque
remonte [telesquí]
sidecar

tándem
tanque
tartana
taxi
telecadeira
teleférico
telesquí [remonte]
tractor
tráiler
tranvía
tren
tren monorraíl
triciclo
trolebús
velocípede
zorra


Medios acuáticos

acoirazado
arrastreiro
bacallaeiro
balandro
baleeiro
balsa [xangada]
barca
barcaza
barco
batel
bergantín
boniteiro
bote



bou
buque
canao
carabela

cargueiro
catamarán
chalana
chalupa
corbeta
crebaxeos
cruceiro
destrutor
dorna
draga
dragaminas
gabarra
galeón
galera
gamela
gardacostas
goleta
góndola
iate
kayak
lancha
palangreiro
paquebote
pesqueiro
petroleiro
piragua
planadoira
portaavións
remolcador
rompexeos
submarino




traíñeira
transatlántico
transbordador

vaca
vapor
veleiro
xangada [balsa]
xunco chinés

Medios aéreos

á delta
aerobús
aeronave
aeroplano [avión]
astronave [nave espacial]
avión [aeroplano]
avioneta
bombardeiro
caza
cepelín [dirixible]
dirixible [cepelín]
foguetes espacial
globo




helicóptero
hidroavión
módulo lunar
nave espacial [astronave]
planador
transbordador

Do automóbil

acelerador
agarradoira
antena
aparcadoiro
aparcamento
acendido
área de servizo
asento

Léxico

automobilista
baca [portavultos]
bucina [buguina]



buguina [bucina]
cadeira para nenos
camioneiro
capó
chasis
chofer [conductor]
cinto
cocheira
concesionario
conductor [chofer]
contaquilómetros
defensa [parachoques]
depósito
derrapaxe
eixe
embrague
faro
freada
freo
garaxe
gasolineira
intermitente
limparabrisas
luz
maleteiro
manubrio
motor
panca
parabrisas
parachoques [defensa]
pedal
pina
pneumático
porta
portavultos [baca]
retrovisor
suspensión
viseira
volante

Do tren
agullas
apeadeiro
barreira
carril
coche
compartimento
consigna
despacho de billetes
estación
ferroviario/a
gardaagullas
gardabarreira
horario
locomotora
maquinista
mozo/a de estación
paso subterráneo
plataforma
portelo
raíl
revisor/ora
travesa
túnel
vagón
xefe/a de estación

Da bicicleta
amortecedor
asento [sela]
barra
bomba de aire
cadea
cadro
catarina
dínamo
faro
freada
freo
gardalamas
guiador
pedal
pina
piñón
pneumático
prato da roda
roda
sela [asento]
velocímetro

Do barco
amarra
amarradoira [bita]

amura
áncora
ancoradoiro [fondeadoiro]
andarivel
arboradura
babor
baliza
barqueiro/a
bita [amarradoira]
bitácora
bodega
boia
borda
cabo
cabrestante
camarote
capitán/á
carga
castelo
cheminea
compás
contramestre
cuberta
dique
escota
espigón
estacha
estaleiro
estibador/ora
estribor
estrobo
faro



flotador
folio
fondeadoiro [ancoradoiro]
hélice
leme [temón]
mariñeiro/a
mascarón
mastro
morrón
motor

navegante
ollo de boi



peirao
popa
porto
proa
quilla
radar
relinga
remador/ora
remo
rizón
rompente
salvavidas
sentina
sonar
temoeiro
temón [leme]
tolete
tripulación
tripulante
varadoiro
vela
verga
zapón

Do avión

á, ala
aeródromo
aeroporto
alerón
aspa [pa]
auxiliar de voo
aviador/ora
babor
bodega de carga
cabina de pilotaxe
capitán/á
cola
comandante
compartimento de pasaxei-
ros
controlador aéreo

estribor
 fuselaxe
 hangar
 hélice
 heliporto
 morro
 motor
 pa [aspa]
 paracaídas
 pasarela
 patín de aterraxe
 piloto
 piloto automático
 pista
 porta de emerxencia
 radar
 rotor
 temón
 terminal
 torre de control
 tren de aterraxe
 turborreactor
 xanela

Vías de comunicación

autoestrada
 beiravía
 camiño
 canle
 carreiro [senda, vieiro]
 circunvalación
 congostra [corredoira]
 corredoira [congostra]
 cruzamento [intersección,
 encrucillada]

curva
 encrucillada [intersección,
 cruzamento]
 estrada
 intersección [cruzamento,
 encrucillada]
 paso a nivel
 ponte
 recta
 rodeira
 senda [vieiro, carreiro]
 túnel



vía férrea
 vía rápida
 vieiro [carreiro, senda]

Verbos

abordar
 acelerar
 adiantar
 afundir(se)
 aluar
 amarar
 amarrar
 ancorar [fondear]
 aparcar [estacionar]
 apear
 arborar
 arriar

arribar [atracar]
 arrincar
 aterrar
 atracar [arribar]
 atropelar
 avanzar
 bordear [flanquear]
 capitanear
 chegar
 chocar [colisionar]
 circular
 circundar [circunvalar]
 circunnavegar
 circunvalar [circundar]
 colisionar [chocar]
 conducir
 consignar
 consumir
 cruzar
 derrapar
 desamarrar
 desarborar
 descarrilar
 desembarcar
 desembragar
 despegar
 desviar
 embarcar
 embarrancar [varar, enca-
 llar]
 embragar
 encallar [embarrancar, va-
 rar]
 enrolar
 envorcar

Léxico

erguer [izar]
 estacionar [aparcar]
 estibar
 facturar
 flanquear [bordear]
 fondear [ancorar]
 frear
 guiar
 izar [erguer]
 marear(se)
 naufragar
 navegar
 pairar
 parar
 partir
 pilotar
 planar
 recuar [retroceder]
 remar [vogar]
 remolcar
 reparar
 retroceder [recuar]
 saír
 sobreoar
 transbordar
 transitar
 transportar
 varar [embarrancar, enca-
 llar]
 viaxar
 vogar [remar]
 xirar
 zigzaguear



Actividades



1. Completa cada oración coa palabra que mellor lle vai. Consulta un dicionario se o precisas.

traxecto - itinerario - treito - viaxe


- Na miña en tren a Madrid coñecín uns rapaces de Ourense.
- Compramos un mapa para preparar o da excursión.
- Da miña casa á praia hai un duns dous quilómetros.
- Naquel fomos máis amodo para contemplar mellor a paisaxe.



Actividades

Os medios de transporte

2. Indica, co número correspondente, o nome de cada un dos elementos sinalados nesta estación de ferrocarril.



- | | | | |
|------------------------------|--------------------|--------------------------|---------------------|
| altofalante → | consigna → | horario → | tren → |
| viaxeiro → | plataforma → | equipaxe → | portelo → |
| xefa de estación → | vagón → | paso subterráneo → | raíl → |
| despacho de billetes → | vía → | travesa → | maquinista → |
| carro portaequipaxes → | revisor → | locomotora → | aparcadoiro → |

3. Identifica o elemento extraño en cada serie. Xustifica as túas respostas.

tándem - carro - velocípede - triciclo

Elemento extraño: Xustificación:

sobrevoar - aterrar - vogar - planar

Elemento extraño: Xustificación:

mascarón - cabo - estacha - amarra

Elemento extraño: Xustificación:



4. Localiza neste texto as palabras que corresponden ás definicións que damos despois.

As estachas estaban sucias de graxa, retortas. Anoábanse cun lazo férreo e sinxelo a un tempo, moi seguro, pero tan doado de desfacer coma un castelo de naipes. Unha motora, o auxiliar do Paz, arqueaba a súa antena coa elegancia dun florete disposto a espertar unha ducia de gaviotas.

O porto estaba feito de enormes bloques de pedra de granito, redondeados polas ondas, gastados, pulidos, renegridos de aceite e gasóleo. Unha fileira de morróns, cogomelos de ferro estrados con fariña de peixe, debruzábanse á beira do cantil.

Polo demais, moito lixo. Moreas de redes vellas rotas, refugadas, de nailon azul ou de cor indefinida, táboas escanastradas, nasas de descomposta armazón metálica, enferruxadas, inútiles.

No medio daquela desfeita, abraiaba a elegancia do Riosil, recén pintado de vermello da bita á quilla, fachendosa a proa, as amuras decoradas con franxas brancas e verdes, e embaixo delas o folio do barco 3.a-VI-6-474. Era un potente arrastreiro, 700 CV, saído do estaleiro de Vulcano en 1970: tiña case trinta metros de proa a popa, e podía levar 62 toneladas de carga. Sesenta e dous mil quilos. Coma quen, todo o peixe do Gran Sol.

O moito colorido do barco chamaba a atención no porto: castelo de ferro en azul e branco, a cheminea vermella a xeito co casco, e o respiradeiro en amarelo.

Unha tropa de xente ía e viña pola cuberta, feita de táboas de madeira pintadas de verde, perfectamente aliñadas. Acababan de izar a bordo un aparello novo, noviño do trinque, e o contramestre esixía que ouriñase nel unha muller virxe, antes de saír ao mar.



Valentín Carrera, *Riosil*

- Lugar onde se constrúen ou reparan barcos. →
- Parte dianteira dun barco. →
- Parte traseira dun barco. →
- Pavimento superior dun barco. →
- Parte máis alta da cuberta superior dun barco. →
- Parte do costado dun barco por onde comeza a estreitarse na proa. →
- Matrícula dunha embarcación. →
- Poste de ferro situado no chan do peirao para amarrar os cabos máis fortes das embarcacións. →
- Poste de madeira ou ferro situado na proa das embarcacións ao que se amarran os cabos. →
- Peza forte de madeira ou metal que vai da proa á popa na parte inferior dunha embarcación e suxeita a súa estrutura. →
- Barco que se dedica á pesca de arrastre. →
- Cantidade de cousas que poden ser transportadas por un barco. →
- Oficial ou mariñeiro con experiencia que dirixe os traballos e tarefas dos outros mariñeiros. →
- Cabo grosa que se utiliza, por exemplo, para remolcar ou amarrar un barco. →



Actividades


Os medios de transporte

5. Asocia e ordena as sílabas de cada cor ata formar o nome de oito partes do coche.

gue	bu	lan	ca	a	pneu	em	fre
ti	mor	fa	bra	te	dor	vo	ce
ro	na	os	te	má	ci	pó	co

-
-
-
-
-
-
-
-

6. Resolve este encrucillado, composto por verbos relacionados cos medios de transporte.



- ▶ Cargar ou descargar no porto as mercancías dos barcos.
- ▶ Quedar detido un barco por tocar coa area ou as rochas do fondo.
- ▶ Elevar as velas dun barco.
- ▶ Saír un tren ou un tranvía fóra do seu carril.
- ▶ Chegar un barco ao porto.
- ▶ Descender ou pousarse en terra un avión.
- ▶ Arrastrar un barco ou un vehículo por medio dunha corda, dun cabo ou dunha cadea.
- ▶ Pousarse unha nave espacial na superficie da lúa.
- ▶ Pasar un vehículo en movemento por enriba de alguén ou algo e causarlle algún dano.
- ▶ Poñer algo boca abaixo; por exemplo, un vehículo nun accidente.

7. Reescribe estas oracións corrixindo os castelanismos que conteñen.

- Segundo o mecánico, hai que cambiar os amortiguadores e a palanca de cambios.
.....
- Un coche volcou na autopista por exceso de velocidade.
.....
- Entrar no muelle con este mar é perigoso, mellor botamos a ancla nese fondeadoiro.
.....
- Subindo na telesilla, vimos os nenos baixando pola neve cos seus trineos.
.....
- Parei o coche no arcén da carreteira porque tiña un problema cos frenos.
.....



Os xogos e os deportes


Substantivos

Xogos de taboleiro ou de mesa

baralla
bingo
dados
damas
dominó
leira de nove
leira de tres [pai, nai, fillo]
pai, nai, fillo [leira de tres]
parchís
xadrez
xogo da oca

Outros xogos e xoguetes

agachadas [escondidas]
aro
bambán
billarda [estornela, pateiro]
birlos



bólas
boneco/a
buxaina
carreira de sacos
casiñas
chapas
chave
corda
cravo [espeto]
crebacabezas
cucaña [pau de sebo]
escondidas [agachadas]
eskorregadoiro [tobogán]
espeto [cravo]

estornela [pateiro, billarda]
ioió
mariola [truco, raia]
monopatín
ovo, pico, araña
panda
pano
papaventos
pateiro [estornela, billarda]
patíns
pau de sebo [cucaña]
pedra, papel, tesoiras
pelota
pés quietos [sangue]
pilla
pita cega
porca
ra
raia [truco, mariola]
randeeira
sangue [pés quietos]
tiracroios
tiro de corda
tobogán [eskorregadoiro]
truco [mariola, raia]
vexo, vexo

Deportes


alpinismo
atletismo
automobilismo
bádminton
baloncesto
balonmán
béisbol
billar
boxeo
caza
cesta punta
ciclismo
cricket
cross
equitación
esgrima
esquí
esquí acuático
fútbol
golf
halterofilia
hípica
hóckey sobre herba, sobre patíns, sobre xeo
judo
karate
loita grecorromana
loita libre
motociclismo
motocrós
natación
natación sincronizada
paddle
paracaidismo
patinaxe sobre rodas
patinaxe sobre xeo
pelota vasca
pesca
pimpón [tenis de mesa]
piragüismo
polo
remo
rugby
saltos de trampolín
saltos de plataforma
snowboard
squash
submarinismo
surf
taekwondo



tenis
tenis de mesa [pimpón]
tiro con arco, con fusil, ao prato
trial
triathlon
vela
voleibol
wáter-polo
windsurf
ximnasia deportiva
ximnasia rítmica

Elementos, participantes e competicións en xeral

adestrador/ora [preparador/ora]
adestramento
afección
aficionado/a
angarellas [padiola]
árbitro
bancada
banco
cadro de xogadores
cambio [substitución, troco]
campión/oa
campionato
campo [terreo de xogo]




cancha
capitán/á
club
derrota
empate
estadio
estraxexia

Léxico

Os xogos e os deportes

liga
marcador
olimpíada
padiola [angarellas]
padioleiro/a
partida
partido
pavillón
podio



profesional
preparador/ora [adestrador/ora]
prórroga
quecemento
quenda [vez]
regra
regulamento
reserva [suplente]
seareiro/a
selección
seleccionador/ora
socio/a
substitución [cambio, troco]
suplente [reserva]
temporada
terreo de xogo [campo]
trampa
troco [substitución, cambio]
vez [quenda]
vitoria
xogador/ora

Fútbol


amoestación
árbitro
área de meta
área de penalti
ataque
balón [pelota, bóla]
barreira
bóla [balón, pelota]
bota
bote de balón

cabezada
calzóns [pantalóns curtos]
cambadela
caneleira
caneo [finta]
cartón amarelo
cartón vermello
central
centro
centrocampista
céspede
contraataque [contragolpe]
contragolpe [contraataque]
círculo central
defensa
defensa libre
dianteiro
expulsión
extremo
falta
finta [caneo]
fóra de xogo
gardameta [porteiro/a]
gol
goleada
golpe franco
guante [luva]
interior
lateral
liña de banda, de fondo, de medio campo
luva [guante]
man
medias
meta [portaría]
obstrución
pantalóns curtos [calzóns]
pase
patada
pau [poste]
pau [traveseiro]
pelota [bóla, balón]
pelotada
penalti
portaría [meta]
poste [pau]
punteirolo
punto de penalti
recollepelotas
rexeitamento

saque de banda
saque de esquina
saque de porta
taco
tiro
traveseiro [pau]
xuíz de liña
xute


Baloncesto

á [ala]
ala [á]
área de tiro libre
aro
asistencia
ataque
balón [pelota]
base
bloqueo
campo atrás
canastra



contragolpe
defensa
dobres
escolta
finta
gancho
liña de banda, de fondo, de tiro libre
mate
pase
pasos
pelota [balón]
persoal
pivote
rebote
rede
roubo
taboleiro
tapón
tempo morto
tiro en suspensión
tiro libre
tripla
Tenis

árbitro
bóla [pelota]
cadro de saque
cinta da rede
deixada
dereito/a
dobres
globo
golpe de dereito
golpe de revés
individual
liña lateral, de fondo
mango
morte súbita
pelota [bóla]
raqueta




recollepelotas
rede
revés
rotura de servizo
saque [servizo]
servizo [saque]
smash
tenista
vantaxe
volea
xuíz de liña
zurdo/a

Ciclismo

abano
avituallamento
cadea
cadro
calzapé
calzón
cambio
catarina [prato]
contra o reloxo
desfalecemento
dorsal
escalador
freo
guiador
líder

meta
meta voante
pedal
pelotón
piñón
prato [catarina]
raio
rampla
rebutón



roda
sela
velocista
velódromo
viseira


Ximnasia

aparello
argolas
aro ximnástico
barra de equilibrio
barra fixa
barras asimétricas
barras paralelas
bastón ximnástico
cabalo con arcos
cama elástica
cinta ou fita ximnástica
colchoneta
cristo
espaleira
maza ximnástica
molinete
pelota ximnástica
pinchacarneiro [viravolta]
plinto
poldro
salto de tesoiras
salto en prancha
salto mortal
trampolín
viravolta [pinchacarneiro]

Atletismo

caixón ou táboa de bater
carreira
carreira de revezamentos
[ou de remudas]

carreira de valados [ou de obstáculos]
corredor/ora
cross
dorsal
estaxe
fondista
foso
gaiola
lanzador/ora
lanzamento de disco, de martelo, de peso, de xavelina
listón
maratón
meta
pista
saltador/ora
salto con pértega, de altura, de lonxitude



soporte do pé
sprint
táboa de bater
triple salto
valado [obstáculo]
velocista
xuíz/xuíza
Natación
estaxe
estilo bolboreta
estilo braza [ou peito]
estilo costas
estilo crol
liña de boias
mergullo
piscina
plataforma
salto da carpa
salto do anxo
salto mortal
trampolín

Adxectivos

aburrido/a
afeccionado/a
áxil

cabeiro/a [último/a, pechacancelas]
canso/a [fatigado/a]
defensivo/a
deportivo/a
destro/a
emocionante
entretido/a
fatigado/a [canso/a]
gañador/ora [vencedor/ora]
habilidoso/a
invencible
invicto/a
lento/a
líder [primeiro/a]
local
ofensivo/a
olímpico/a
pechacancelas [cabeiro, último/a]
perdedor/ora
primeiro/a [líder]
profesional
rápido/a [veloz]
torpe [zoupón/ona]
tramposo/a
último/a [cabeiro/a, pechacancelas]
veloz [rápido/a]
vencedor/ora [gañador/a]
visitante
vitosioso/a
xergo/a [zurdo/a]
zoupón/ona [torpe]
zurdo/a [xergo/a]

Verbos

adiantar
agarrar
amoestar
apuntar
ascender
atacar
avituallar
barrenar [furar]
bloquear
botar
cabecear
cambiar [trocar, substituír]
canear [fintar]
centrar

Léxico

choutar [saltar]
contraatacar [contragolpear]
contragolpear [contraatacar]
converter
correr
defender
descender
despexar
empatar
encestar
escalar
escapar
esquiar
fintar [canear]
frear
furar [barrenar]
gañar [vencer]
golear
golpear
lanzar
marcar
mergullar(se)
nadar
palmear
pasar
patinar
pedalear
perder
picar
rebotar
remar [vogar]
rematar
restar
trocar [cambiar, substituír]
sacar
saltar [choutar]
servir
substituír [trocar, cambiar]
vencer [gañar]
vogar [remar]
volear
xogar
xutar






Actividades

Os xogos e os deportes

1. Agrupa e ordena as sílabas da mesma cor ata formar o nome dos xogos e divertimentos numerados neste debuxo.



rio	ran	lei	llar	tos	bu	la	to	ve	bó
dre	bo	ven	na	ca	pa	da	xa	pa	bam
de	tín	bo	ra	ma	no	ei	ne	gán	xai
bán	no	chís	ra	pa	bi	mo	par	de	las

1. 2. 3. 4.
 5. 6. 7. 8. 9.
 10. 11. 12. 13.

2. Clasifica estas palabras segundo o xogo ao que corresponden.

peón - gobelete - dado - ás - ficha - torre
 baza - raíña - sota - casa - xaque - ouros

- Parchís:
- Xadrez:
- Baralla:




3. Le este texto e localiza nel as palabras que corresponden ás definicións posteriores.

A leira de nove é un dos máis antigos xogos de mesa coñecidos. Taboleiros deste xogo foron encontrados en Exipto (1400 a. C.), Sri Lanka (10 d. C.) e no navío viquingo Gokstad (900 d. C.).

Este é o regulamento:

O xogo desenvólvese nun taboleiro coma o representado na figura do lado. Cada xogador posúe nove pezas dunha cor, negro e branco, por exemplo. As pezas son colocadas alternativamente nos puntos de intersección das liñas, ata que todas estean no taboleiro. Entón, cada xogador move na súa vez unha das súas pezas ao longo dunha liña, desprazándoa dun punto (intersección) a outro que estea baleiro. Non está permitido que unhas pezas salten sobre outras; polo tanto, só se poderá facer un movemento se hai un punto baleiro a carón dunha das pezas.



Cando un xogador consegue alinear tres pezas (non vale en curva), este pode retirar do taboleiro unha peza do seu opoñente. Esta peza non volve máis á partida. Lémbrese que as pezas que estean aliñadas nunha serie de tres non poden ser retiradas.

Consegue gañar a partida o xogador que reduce o número de pezas de seu opoñente a dúas, ou que bloquea todas as pezas do opoñente de forma que non as poida mover.

Neste tipo de xogo, o posicionamento das pezas no comezo é fundamental, ata tal punto que unha partida pode ser perdida ou gañada en función desa estratexia inicial.

www.angelfire.com/ab/jogos/Tradicionais/trilha.html (tradución e adaptación)

- | | |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> • Proxecto de accións coordinadas para lograr un obxectivo, como gañar nun xogo, nun encontro deportivo... → • Momento ou ocasión que lle corresponde a cada un entre distintas persoas, para a realización de algo. → • Aquel que se opón ou compite nun xogo ou deporte. → • Conxunto de regras que establecen como debe desenvolverse un xogo. → | <ul style="list-style-type: none"> • Serie e totalidade de lances que se realizan nun xogo ata chegar a un límite definido. → • Cadro de madeira ou doutros materiais con divisións ou casas para desenvolver nel diferentes xogos de mesa. → • Cada unha das figuras ou dos elementos móbiles que interveñen nos xogos de taboleiro. → • Obter a vitoria. → |
|--|--|

— Tendo como modelo o texto anterior, escribe o regulamento doutro xogo de taboleiro sinxelo: damas, parchís, leira de tres...

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....



Actividades

Os xogos e os deportes

4. Indica o deporte olímpico que representa cada pictograma.



.....



.....



.....



.....



.....



.....



.....



.....



.....



.....



.....



.....



.....



.....



.....



.....



.....



.....



.....



.....

5. Reescribe estas oracións corrixindo as interferencias do castelán que conteñen.

- As canastas triples son válidas aínda que o balón pete no tableiro.

.....

- Despois de regatear varios defensas, Xoán chutou e a pelota deu no travesaño.

.....

- Os aficionados bañáronse na fonte para celebrar que o seu equipo era campeón.

.....

- A rapaza que vai pola calle central da piscina nada estilo espalda.

.....

- A xabalina case lle cae enriba a un corredor de catrocentos metros vallas.

.....



6. Completa esta crónica deportiva poñendo nos ocios as palabras que van definidas entre parénteses. Ten en conta que o contexto tamén che pode axudar.

O Deportivo volveu demostrar a súa ineficacia ante o Numancia (1-1)

O Deportivo non levanta cabeza esta (→ período de tempo en que, de forma regular e cíclica, se desenvolve unha competición deportiva). Onte, os coruñeses cederon un (→ resultado que se obtén nun encontro cando aqueles que se enfrontan conseguen o mesmo número de puntos) no estadio de Riazor ante o (→ que vai de último ou peor clasificado) de Primeira División, o Numancia.

O Deportivo saltou ao campo con ganas de se poñer o antes posible por diante no (→ cadro onde se anotan os puntos ou tantos acumulados nun encontro deportivo), mais ao final a crise do equipo profundouse. Ás imprecisións defensivas dos coruñeses uniuse entón a carencia de ideas arriba. Cun Valerón apagado e un Luque que apenas entrou en xogo, era Diego Tristán o que parecía ter unha tarde máis inspirada e o único capaz de poñer en apuros a liña de cinco defensas posta sobre o campo polos visitantes.

Irureta tratou de cambiar o discorrer do choque con dous cambios nada máis comezar a segunda metade: Fran por Munitis e Víctor por Tristán. Desta forma, o (→ persoa que prepara técnica

e tacticamente os deportistas con exercicios adecuados) deportivista cambiou as dúas bandas e colocou a Luque como home máis ofensivo.

E despois da reestruturación, no minuto 60, chegou a polémica. Luque gañoulle as costas á defensa numantina e, tras (→ esquivar a oposición dun xogador contrario e seguir adiante co balón) a Álvaro Núñez, este non puido facer outra cousa que derrubalo. Fernández Borbalán decidiu pitar (→ pena máxima consistente nun lanzamento a pouca distancia da portaría e co porteiro como único defensor) pero, ante a insistencia dos xogadores visitantes, o (→ persoa que, en determinados deportes, fai que se cumpra o regulamento do xogo) consultou co seu asistente, decretando falta na beira da (→ zona próxima á portaría onde o porteiro pode coller libremente o balón coa man) en lugar da pena máxima.

Nove minutos despois todo se puxo máis costa arriba para o equipo galego coa (→ feito de obrigar a un xogador a abandonar un encontro ou competición) por dobre amarelo de César. A situación puido ser aínda máis

dramática co disparo de falta de Tevenet, que foi ao (→ cada unha das longas pezas de ferro ou madeira que limitan as portarías de fútbol).

Os coruñeses notaron o golpe de se ver con dez e, cando parecía que volvían quedar unha xornada máis sen conseguir os tres puntos, chegou o (→ punto que, nalgúns deportes, se gaña introducindo o balón na portaría) de Pandiani, que entrara pouco antes no terreo de xogo en substitución de Valerón, ao (→ xogar o balón golpeándoo coa cabeza) un (→ pase que se fai desde unha banda do terreo de xogo á zona de portaría) de Víctor. Mais a alegría durou pouco e, no minuto 81, Merino recolleu un balón despexado defectuosamente por Molina para facer o 1-1 cun disparo desde a frontal.

O partido entrou entón nunha fase tola e Pandiani puido conseguir a (→ resultado que se obtén cando se vence o contrincente nunha competición deportiva) cun novo remate de cabeza no minuto 90. Pero nesta ocasión o defensor Antonio salvou o seu equipo cun rexeitamento providencial case sobre a liña de gol.

Galicia Hoxe, 15-1-2005
(adaptación)



Actividades

Os xogos e os deportes

7. Clasifica estes verbos segundo o deporte ou deportes aos que corresponden.

*frear - bloquear - xutar - avituallar - cabecear - restar - lanzar - botar - encestar
golear - canear - pedalear - saltar - centrar - contraatacar - volear - servir - pasar*

Atletismo	Baloncesto	Ciclismo	Fútbol	Tenis
.....
.....
.....
.....

— Emprega os verbos anteriores para escribir un breve texto sobre cada deporte.

Atletismo:

Baloncesto:

Ciclismo:

Fútbol:

Tenis:

8. Precisa a diferenza de significado entre estes pares de palabras.

xogo - xoga

-
-

xoguete - xogueta

-
-